



**RESOLUCIÓN QUE DESENVOLVE O ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO
SOBRE AS PRÁCTICAS EN EMPRESAS PROPICIADAS POLOS ALUMNOS**

O Decreto 1497/87 sobre directrices xerais comúns dos planos de estudo establece a posibilidade de que os alumnos participen na configuración do seu currículo académico no só coa superación das materias que conforman o plano de estudos senón tamén coa realización doutras actividades académicas previamente autorizadas polas Universidades, tales como as prácticas en empresas.

Na actualidade para a realización das prácticas en empresas a Universidade ten establecidos dous sistemas: as realizadas o través do convenio marco entre a universidade e empresas que convocan os centros e as organizadas polo Consello Social da Universidade e FEUGA que se imputan como créditos de libre configuración.

Estes dous sistemas non esgotan as posibilidades que poden te-los alumnos para a realización das prácticas en empresas, polo que a Xunta de Goberno da USC na súa sesión do 22 de xuño do ano que andamos acordou amplialos, implicando neste proceso ós propios estudantes ó posibilitar que sexan eles quen poidan propo-la empresa para a realización das prácticas. Para isto é necesario establecer un procedemento mínimo que deberán segui-los estudantes que queiran acollerse a esta nova modalidade de realización das prácticas.

Por todo o indicado resolvo

PRIMEIRO.- O recoñecemento das prácticas en empresas propiciadas polos alumnos deberá axustarse o Real Decreto 1497, de Presidencia do Goberno de 19 de xuño sobre Programas de Cooperación Educativa (BOE do 23 de xullo de 1981) modificado polo 1845/1994 do 9 de setembro do Ministerio da Presidencia e especificamente o establecido nesta resolución.



SEGUNDO.- Os alumnos poderán propoñer empresas para a realización das prácticas á Secretaría do Consello Social, a FEUGA e ós Centros nos que estudian. No caso de que non exista Convenio coa Empresas proposta deberá formalizarse un tal e como establece o Acordo da Xunta de Goberno do 22 de xuño sempre que:

- A) A solicitude de realización das prácticas na empresa ANEXO I se faga coa antelación necesaria para o comezo das prácticas. (15 días)
- B) A súa duración mínima será a que ó respecto sinala o Consello Social da Universidade, Feuga ou o Centro sendo a máxima de 500 horas.
- C) O alumno, xunto coa proposta da empresa, deberá presentar un plano de traballo segundo o modelo do ANEXO II desta resolución, do que deberá informar á Secretaría do Consello Social, á de Feuga e ó Centro, debendo incluí-lo número de horas que realizará o estudante.
- D) Non se autorizará a realización de prácticas en empresas ou institucións promovidas polos alumnos cando exista convenio entre a empresa e a universidade, no caso de que a proposta se realice no Centro. En calquera caso non se autorizará a súa realización cando a dirección da empresa, sexa exercida por persoas con un parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao, ou de afinidade dentro do segundo, co alumno que promove as prácticas na empresa. Este mesmo grao será aplicable cando se trate da propiedade da empresa ou sociedade sempre que a participación na mesma supere o 15 % . Como xustificante desta situación bastará unha declaración xurada do alumno. No caso de falsidade nesta declaración procederase á anulación das prácticas ademais de promover-lo expediente académico administrativo a que houberse lugar.
- E) Toda esta documentación presentaraa o estudante no Consello Social, en Feuga ou no Centro que será o que tramite a organización das prácticas e o que notifique ó alumno o momento de incorporarse á empresa para a súa realización.

TERCEIRO.- O/A titor/a das prácticas deberá emitir informe segundo se establece no ANEXO III e enviálo ó Consello Social, Feuga ou Centro. Asemade o alumno deberá



presentar unha memoria ó remate das prácticas que entregará no Consello Social, Feuga ou no Centro que será o que tramite a organización das prácticas e o que notifique ó alumno o momento de incorporarse á empresa para a súa realización.

CUARTO.- Avaliación e Imputación de créditos.- A avalicación das prácticas realizarase polo Consello Social e Feuga coa cualificación de APTO ou NON APTO, o que se reflectirá no certificado que ós efectos ten aprobado a Universidade. As practicas propostas ó Centro avaliaranse segundo establezan as respectivas convocatorias reflectíndose a cualificación nas correspondentes actas.

Imputación de créditos: Os créditos obtidos pola realización das prácticas que propicien os alumnos serán imputados a créditos de libre elección en tódalas titulacións que se impartan na USC, cando se realicen polo Consello Social ou Feuga e segundo establezan as respectivas Convocatorias dos centros no caso de realizarse por este sistema.

QUINTO.- Liquidación de prezos públicos e anotación no expediente: Realizadas as prácticas polo alumno deberá entregar na unidade de Xestión Académica a certificación orixinal expedida polo Consello Social ou Feuga. Esta unidade procederá ó recoñecemento dos créditos logo do pagamento dos prezos públicos que, de se-lo caso, debe realiza-lo alumno, podendo en todo caso beneficiarse das axudas e subvencións ás que tivese dereito. No expediente do estudante deberán anotarse o total dos créditos realizados como de libre elección, con indicación da empresa ou institución na que foron realizados e a mención que se derive da avaliación.

Os alumnos que aporten a Empresa para realiza-las ó traves das convocatoria que realizan os Centro ó abeiro do Convenio Marco liquidarán os prezos públicos previo á realización das prácticas segundo estableza a Convocatoria que realice o Centro.

Despois de rematadas as prácticas imputaranse na primeira convocatoria a que poidese concorrer o alumno



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Disposición adicional primeira.- A participación das empresas ou institucións nun programa de prácticas como as que aquí se regulan non derivan en ningún caso obrigas propias dun contrato laboral para os alumnos.

Disposición adicional segunda.- Os alumnos en prácticas permanecerán no ámbito da cobertura do seguro escolar, non obstante, os propios alumnos, a universidade ou as empresas poderán contratar a cobertura de riscos mediante pólizas de seguros.

Disposición adicional terceira.- O Consello Social, Feuga e os Centros, realizarán tódolos controis que estimen oportunos ós alumnos que promovan a realización das prácticas en empresas para comprobar que o programa de prácticas presentado polo estudante está a realizarse.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2000

O RECTOR



Dario Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN, SR. SECRETARIO XERAL, SRS. DECANOS E DIRECTORES DE CENTRO, SRA. SECRETARIA DO CONSELLO SOCIAL, SR. SECRETARIO DE FEUGA, SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO, SRS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA, SR. DIRECTOR DO COIE, SR. DIRECTOR DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS.



ANEXO I

SOLICITUDE DE CONVENIO PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN
EMPRESAS PROPICIADAS POLOS ALUMNOS

Don/a
En representación da empresa
Con enderezo
E número de identificación fiscal.....

E a capacidade legal suficiente para outorgar este convenio de cooperación educativa na que participa o estudante:

Sr/a con
DNI núm matriculado na titulación de
Facultade ou Escola desta Universidade de Santiago de
Compostela, con domicilio a efectos de notificación na rúa.....
Núm. Piso Localidade
CP Provincia Telf.

**A PROPOSTA DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FARASE CONSONTE Ó
SEGUINTE**

1. O alumno afectado cumpre os requisitos requiridos polo Real Decreto 1497/1981 do 19 de xuño, sobre programas de cooperación educativa modificado polo Real Decreto 1845/1994, do 9 de setembro, que o actualiza.
2. O alumno terá como titor/a nomeado pola empresa o/a Sr/a
..... que velará pola formación do
alumno e polo cumprimento do plano de traballo aprobado para a realización das
prácticas.
3. O número total de horas que dedicará o estudante a este programa será de.....
4. O estudante estará obrigado a cumprir o horario e as demais normas que se fixan no
plano de traballo baixo a dirección do correspondente titor/a.
5. O estudante e mailo titor/a quedan obrigados apresentation candanseau informe final sobre o
resultado do programa fixado no plano de traballo.
6. Logo da finalización das prácticas ó alumno expediráselle a correspondente certificación
do Consello Social, e Feuga na que figurarán os créditos que se imputarán como libre
configuración no expediente do alumno .



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

7. Ademais da normativa sinalada seralle de aplicación o Real Decreto 1497/1987 do 27 de novembro sobre directrices xerais comúns dos planos de estudio dos títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, modificado polo Real Decreto 1267/1994 do 10 de xuño; a normativa de xestión académica aprobada pola Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996 e posteriores modificacións e a resolución rectoral do.....
..... Pola que se aproba o plano de estudos de

..... de..... de.....

O ESTUDIANTE

A EMPRESA



ANEXO II

PLANO DE TRABAJO

O Sr/a nomeado pola empresa
..... como titor/a do alumno da
Universidade de Santiago de Compostela don/a
matriculado na titulación de declara que no caso
de autorizar ó alumno a realizar as prácticas o plano de traballo durante o desenvolvemento
das mesmas será:

1. Descrición do traballo que ten que realizar o estudante.....
.....
.....
.....
2. O lugar de realización das prácticas será dende o de de 2000
Ata o de de 200.....
3. O número total de horas será de sendo o horario diario de
4. Os coñecementos específicos que debe posuir o alumno para a realización do traballo son:
.....
.....
.....
5. A formación que adquirirá o estudante logo da realización das prácticas será:.....
.....
.....
6. A forma prevista para o seguimento e orientación do estudante durante a realización das
prácticas será
.....

....., de de 2000

O titor/a da empresa



ANEXO III

**INFORME PARA O RECOÑECEMENTO DAS PRÁCTICAS
PROPICIADAS POLOS ALUMNOS COMO CRÉDITOS DE
LIBRE ELECCIÓN**

(CITALO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO NA QUE FOI APROBADO)

DON/A.....
Titor/a de prácticas na empresa

FAI CONSTAR

Que o alumno/a.....
DNI..... realizou as prácticas na empresa.....
.....
Entre o
Horario do alumno en Prácticas foi de:.....
.....
Total de horas realizadas.....

O que en cumprimento da resoluciónque desenvolve o Acordo da Xunta de
Goberno da Universidade, expido o presente informe en